



Concello do Porriño

## **BASES PARA O II CONCURSO ESCOLAR DE CARTEIS DE ENTROIDO DO CONCELLO DO PORRIÑO 2023**

A Concellería de Educación e Normalización Lingüística do Concello do Porriño convoca o II Concurso Escolar de Carteis de Entroido como xeito de promover esta festa entre a cidadanía.

As presentes bases rexerán a participación e concesión de premios para as persoas da comunidade escolar que se presenten ao II Concurso Escolar de Carteis de Entroido do Porriño 2023.

### **1. DESCRICIÓN**

- As alumnas e alumnos participantes crearán un cartel coa **temática do Entroido galego** para promocionar esta festa no Concello do Porriño.
- As características do cartel presentado deberán ser: **tamaño A3, formato** papel ou cartolina e as ilustracións poderanse realizar coa **técnica creativa** que escolla cada alumna/o (ceras, acuarelas, colaxe, carbón,... ou calquera outra que estime a comunidade escolar).
- A mensaxe que conteña o cartel do Entroido presentado deberá estar **escrita en lingua galega** e valorarase, de xeito especial, o xogo coa lingua, sexa mediante rimas, cantigas (tradicionais ou inventadas), refráns ou frases feitas asociadas a esta época do ano. En todo caso, **sempre deberá engadir o seguinte texto:**

**ENTROIDO 2023**

**CONCELLO DO PORRIÑO**

- Na parte posterior do cartel figurará o **nome da alumna ou alumno, a súa idade, o curso escolar e o centro educativo** ao que pertence.
- A participación será **individual**, de xeito que non se aceptarán carteis con varias/os autores/as.
- As obras serán, necesariamente, **orixinais e inéditas**.
- O Concello do Porriño reserva o dereito de non publicar aqueles carteis que considere que atentan contra a legalidade ou a dignidade das persoas e/ou institucións.

### **2. PERSOAS PARTICIPANTES**

**Concello do Porriño**

r/ Antonio Palacios, 1 O Porriño 36400 (Pontevedra). Tfno.: 986 33 50 00 Fax: 986 33 05 79



Cod. Validación: AK7XGMKPTNZFXL P47JRS39YWN | Corrección: <https://oporriño.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3



- Poderá participar o **alumnado dos centros educativos do Porriño** con idades comprendidas **entre os 6 e os 16 anos**.

### 3. ENTREGA DE CARTEIS

- Os carteis serán recollidos o **luns día 6 de febreiro de 2023** nos cetros educativos do Porriño.
- Todos os carteis serán expostos ao público no vestíbulo do Centro Cultural Municipal, así coma no blog do Servizo de Normalización Lingüística do Concello do Porriño e nas súas redes sociais durante as festas do Entroido.
- O Concello do Porriño non se fai cargo de posibles subtraccións destes.

### 4. PREMIOS

Establécense **3 categorías** de acordo coa idade, nas que haberá, para cada unha delas, **1º, 2º e 3º premio**, baseados en **diferentes lotes de material escolar**:

#### 1) Participantes de 6 a 8 anos

- a. Primeiro premio baseado nun lote de material escolar valorado en 44,40 €
- b. Segundo premio baseado nun lote de material escolar valorado en 34,80 €
- c. Terceiro premio baseado nun lote de material escolar valorado en 23,95 €

#### 2) Participantes de 9 a 12 anos

- a. Primeiro premio baseado nun lote de material escolar valorado en 44,40 €
- b. Segundo premio baseado nun lote de material escolar valorado en 34,80 €
- c. Terceiro premio baseado nun lote de material escolar valorado en 23,95 €

#### 3) Participantes de 13 a 16 anos

- a. Primeiro premio baseado nun lote de material escolar valorado en 44,40 €
- b. Segundo premio baseado nun lote de material escolar valorado en 34,80 €
- c. Terceiro premio baseado nun lote de material escolar valorado en 23,95 €





Concello do Porriño

Escollerase un **cartel gañador** de entre todas as persoas participantes, que será a **imaxe escollida para promover o Entroido** do concello do Porriño 2023. A persoa autora deste cartel será a **pregoeira do Entroido** do Porriño 2023.

A entrega de premios e as persoas gañadoras serán anunciadas nas redes sociais deste Concello, así como notificadas aos centros educativos pertinentes.

## 5. XURADO

O xurado estará constituído por un comité de observación e valoración de premios, nomeado por resolución de Alcaldía, e composto polos seguintes membros:

- O Alcalde-Presidente do Concello do Porriño, que conta co voto de calidade.
- Unha persoa representante do Servizo de Normalización Lingüística.
- 4 artistas locais de diferente índole.

Valorarase a técnica creativa, o uso da lingua galega e a composición xeral do cartel, de acordo cos criterios apropiados a cada grupo de idade.

## 6. ACEPTACIÓN DAS BASES

- A participación neste concurso supón a total aceptación das presentes bases e a autorización ao Concello do Porriño para a difusión e uso dos carteis a través das redes sociais, páxina web e demais medios de difusión.
- O incumprimento de calquera das cláusulas destas bases dará lugar á perda do dereito de optar aos premios de participación.
- As presentes bases expóranse no Taboleiro de Anuncios do Concello do Porriño, na páxina web do Servizo de Normalización Lingüística e nas redes sociais desta Administración.

**Documento asinado electronicamente á marxe.**

---

**Concello do Porriño**

r/ Antonio Palacios, 1 O Porriño 36400 (Pontevedra). Tfno.: 986 33 50 00 Fax: 986 33 05 79



Cod. Validación: AK7XGMKPTN2FXL P47JRS39YWN | Corrección: <https://oporriño.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3